

**TEMA 10: MERCADO DE DIVISAS E BALANZA DE PAGAMENTOS**

**1. A BALANZA DE PAGAMENTOS**

A Balanza de Pagamentos é un documento contable que recolle as transaccións realizadas entre os residentes nun país e o resto do mundo durante un período de tempo determinado.

Cales son as transaccións que se realizan co resto do mundo? Algunhas supoñen unha importación de bens ou servizos e outras exportacións. Parello ao fluxo real de bens ou servizos, debe ir o monetario.

*Exemplo 1:*

*Unha familia obtén unhas rendas procedentes da prestación dos seus factores produtivos (rendas da terra, traballo e capital) e gástaas na adquisición de bens ou servizos para satisfacer as súas necesidades. Podería gastar máis do que ingresa? Como?*

*Podería ser que a familia tivese diñeiro atesourado de aforros anteriores e puidese gastar máis do que ingresa. En caso contrario, se gasta máis do que ingresa, soamente farao endeudándose co exterior (con institucións financeiras) e para devolvelo, dalgunha maneira, deberá limitar os seus gastos para que os seus ingresos cubran non só os gastos senón a parte correspondente dos préstamos pedidos.*

*Nun país pasa máis ou menos o mesmo. As importacións de bens deben estar compensadas por exportacións de bens para que non teña un déficit. Debemos ter en conta que calquera importación supón unha saída de diñeiro do país, Como facemos para que volva a entrar?, pois a través das exportacións, que supoñerán unha entrada de diñeiro no país. O diñeiro entra e sae e non hai máis problema.*

*Que pasaría se importamos máis do que exportamos? Pois que, ou ben o país tiña unhas riquezas acumuladas (Reservas en divisas do Banco Central), ou ben se endebeda.*

*O maior problema que adoitan ter os países menos desenvolvidos é o elevado nivel de endebedamento, tendo que destinar a gran parte dos seus orzamentos xerais do estado a devolver a débeda e pagar os xuros da mesma.*

*Exemplo 2:*

*Que tipo de operacións realízanse co resto do mundo? Imos a limitarnos ás máis sinxelas, analizando a Balanza por conta corrente e por capital, deixando un pouco á marxe, cunhas leves indicacións, a financeira.*

## TEMA 10: MERCADO DE DIVISAS E BALANZA DE PAGAMENTOS

a) *Un país compra ao resto dos países mercancías que non produce e necesita (importacións) e vende as que produce (exportacións):*

- *Venda no estranxeiro de coches producidos en España (1000 €).*
- *Compra de gas natural a países produtores para o consumo en España (450).*
- *Venda de roupa producida en Galicia por Inditex a Portugal (250).*
- *Compra dun tren de alta velocidade a Francia (400).*
- *Venda de viño denominación Rías Baixas en Francia (150).*
- *Vendas de mexillón en conserva do Grove en Alemaña (100).*
- *Compra de petróleo por Repsol para a venda en España (1500).*
- *Venda de cerámica de Sargadelos no exterior (50).*
- *Venda de mandarinas españolas en EEUU (50).*
- *Compra de Pen-drives a China por parte de Carrefour para vender en España (25).*

*NOTA: Diferenciamos poñendo ao cabo de cada concepto se é exportación de bens (EB) ou Importación de bens (IB).*

b) *Un país compra ao resto dos países servizos que non produce e necesita (importacións) e vende os que produce ou dos que dispón (exportacións). En España, pola importancia que supón o turismo neste apartado, diferénciase doutros servizos:*

- *Un pontevedrés que vai de viaxe a Exipto (5).*
- *Contrato dun seguro de vida dun Navarro nunha aseguradora de Francia (10).*
- *Ingleses que van de viaxe a Palma (450)*
- *Unha empresa de transportes española (Azcar) presta servizos de transporte a unha empresa Portuguesa (50).*
- *Os alemáns que veñen de viaxe ao Sur de Tenerife e polo tanto supón que realizan unha serie de gastos en España (500).*
- *Transporte de mercancía comprada por “El Corte Inglés” en China para ser vendida en España, transporte realizado por Chinavy, Ltd (25).*
- *Viaxe español a Francia (150).*

*NOTA: diferenza exportación de servizos de turismo (EST), importación de servizos de turismo (IST), exportación doutros servizos (EOS), importación doutros servizos (IOS).*

c) *Nun país poden traballar persoas doutros países (neste caso falamos de traballadores temporais, non de estranxeiros establecidos permanentemente en España), tendo que pagarlles unhas cantidades que serán levadas aos seus propios países (supoñerá unha saída de diñeiro), pero tamén hai españois traballando fóra de España. Doutra banda, hai empresas que invisten noutros países e reciben rendas destes e á inversa, empresas que invisten en España e lévanse as rendas aos seus países de orixe:*

- *Salarios pagos por unha empresa de construción a traballadores portugueses que cruzan diariamente a fronteira con Galicia (50).*
- *Dividendos que obtén Carrefour en España e lévase para Francia (150).*
- *Xuros que ten que pagar uns españois por préstamos pedidos en yenes a un banco de Tokio (25).*
- *Salarios cobrados por un español que traballa temporalmente nunha planta petrolífera Noruega (10).*
- *Beneficios de accións que un lucense comprou de IBM na Bolsa de Wall Street (25).*

## TEMA 10: MERCADO DE DIVISAS E BALANZA DE PAGAMENTOS

- *Rendas pagas aos marroquís que vén a facer a campaña da fresa en Andalucía (50).*
- *Xuros dun préstamo concedido a unha empresa francesa por un banco español (5).*

*NOTA: Diferenza entradas de rendas (ER) ou saídas de rendas (SR)*

*d) Entre os diferentes países realízanse transferencias de diñeiro sen contrapartida, é dicir, diñeiro que envían residentes nun país a outro sen esperar nada a cambio (como as remesas de inmigrantes establecidos en España), ou poden ser públicas, axudas oficiais a outros países. Debemos incluír aquí tamén pola súa importancia as remesas da UE para gastos correntes:*

- *diñeiro que os cidadáns ecuatorianos que traballan en España envían a Ecuador para manter as súas familias (200)*
- *diñeiro enviado polo goberno español a un país que sufriu unha catástrofe natural (100).*
- *diñeiro que os galegos que viven na Arxentina, envían aos seus familiares galegos (150).*
- *Subvención recibida por agricultores españois da UE (350)*
- *diñeiro que os cidadáns subsaharianos que traballan en España envían aos seus países para as súas familias (50).*
- *doazóns de cidadáns españois para unha catástrofe sufrida nun país de Centro América (25).*

*NOTA: Diferenza entradas de transferencias (ET) e saídas de transferencias (ST).*

*e) Por último, pode que por outros conceptos se produzan transferencias de capital, pero que se diferencian do anterior en que son investimentos en activos fixos ou en infraestruturas. No caso español, a partida máis importante provén da entrada de diñeiro pola UE para financiar infraestrutura, aínda que cada vez irá diminuindo máis.*

O rexistro de todas as operacións realizadas por un país co resto dos países (Balanza de Pagamentos) divídese principalmente en tres partes: Balanza Corrente, Balanza de Capital e Balanza Financeira).

A Balanza Corrente divídese pola súa vez en catro balanzas básicas: a de bens, servizos, rendas e transferencias.

	Ingresos	Pagamentos	Saldo
<b>Bens</b>			
<b>Servizos</b>			
<b>Rendas</b>			
<b>Transferencias</b>			
<b>Conta corrente</b>			

## TEMA 10: MERCADO DE DIVISAS E BALANZA DE PAGAMENTOS

Na Balanza de Bens ou Balanza Comercial rexistraremos as exportacións (Ingresos, xa que supoñerá un ingreso da nosa moeda ou en divisas), e as importacións (Pagamentos, xa que supoñerá un pagamento na nosa moeda ou saídas de divisas) de bens.

Na Balanza de servizos incluímos as exportacións (Ingresos) e as importacións (Pagamentos) de servizos como transporte, seguros, turismo, viaxes, servizos bancarios, etc.

Na Balanza de rendas incluímos as rendas procedentes (Ingresos) ou enviadas (Pagamentos), como consecuencia da remuneración de factores de produción (terra, traballo ou capital). Alugueiros de terra, remuneración de traballadores temporais ou xuros e dividendos do capital.

Na Balanza de transferencias, incluímos os movementos unilaterais de fondos, os recibidos (Ingresos) ou enviados (Pagamentos), privados ou públicos.

As diferencias entre os Ingresos e os pagamentos, supón un saldo positivo ou negativo. A suma de cada unha das anteriores balanzas, da como consecuencia a Balanza Corrente.

A Balanza de capital inclúe as vendas (Ingresos) ou compras (Pagamentos) de activos, así como as transferencias da UE destinadas a investimentos en capital (Ingresos).

	Ingresos	Pagamentos	Saldo
<b>Conta de capital</b>			

Se sumamos os importes da Balanza Corrente e de Capital, daranos un saldo positivo (superávit) ou negativo (déficit). Pero a Balanza de Pagamentos debe cadrar, é dicir, o saldo da Balanza de Pagamentos é 0.

Isto queda reflectido na Balanza Financeira, que reflicte a forma en que se financian as relacións dun país co resto do mundo. Se hai superávit nas anteriores balanzas, utilizarán o diñeiro sobrance para pagar débeda ou para rentabilizarlo no exterior concedendo préstamos. Se hai déficit ao revés.

	Ingresos	Pagamentos	Saldo
<b>Conta financeira</b>			

Que teñamos déficit ou superávit nunha ou outra balanza é habitual, o preocupante sería que houbese déficit na balanza corrente de forma sostida ano tras ano.



## 2 - O MERCADO DE DIVISAS

Cando viaxamos polo mundo ou queremos comprar algo a través de Internet nun país diferente ao noso, debemos fixarnos no prezo do produto ou servizo que estará na moeda dese país, e comparar a súa moeda coa nosa. Isto é debido a que cada país (ou conxunto de países) ten a súa propia moeda.

Para entender o funcionamento do mercado de divisas, debemos coñecer os conceptos de Divisa e Tipo de cambio.

**Divisa:** chamamos divisa a calquera moeda que non sexa a do país. Por exemplo, para nós, sería divisa calquera moeda diferente ao euro, é dicir, o dólar, a libra esterlina, o yen, etc. Para Xapón, as divisas son todas as moedas diferentes ao yen. As divisas poden ser ou non convertibles, en función de que sexan ou non aceptadas nas transaccións internacionais.

**Tipo de cambio:** é o prezo dunha moeda en termos doutra.

*Exemplo:*

*María, ao acabar os seus estudos, decidiu montar unha tenda especializada na venda de camisetas de marca, que pode comprar a un provedor alemán, que lle cobra 100€ por camiseta; ou a un provedor americano, que lle cobra 100 \$ por camiseta. (Supoñemos que non hai inflación ao longo dos anos, o prezo das camisetas será sempre de 100€ ou 100\$). Empeza o negocio o 1 de xaneiro de 1999, cando o tipo de cambio do \$ co € era de  $1€=1,1667\$$ . Posteriormente foi baixando o valor do dólar ata que o 25-10-2000 o tipo de cambio era de  $1€=0,8274\$$ . O 11-04-2008 o tipo de cambio era de  $1€=1,58\$$ .*

*En principio, se o tipo de cambio era de  $1€ = 1,1667\$$ , realmente para reunir 100 \$, necesitaría 85,71 €; é dicir, que cada camiseta lle custaría 85,71€ se a compra a un provedor americano, e 100 € se lla compra a un provedor alemán.*

*O 25-10-2000, se compra a camiseta ao provedor alemán, cústalle 100 euros, pero se lla compra ao americano, cústalle 120,86 €.*

*A que se debe isto?*

*A que houbo unha depreciación do € e unha apreciación do \$, o tipo de cambio variou e para comprar os mesmos dólares necesítanse máis euros. Antes un euro valía 1,1667 dólares e agora vale menos dólares.*

*Que consecuencias ten?*

*Ao haberse depreciado o euro, agora os bens europeos, comparados cos americanos, son máis baratos. Na UE, os traballadores seguen cobrando o mesmo, as rendas son iguais, as materias primas tamén. O único que cambiou é o tipo de cambio, que provoca que desde Europa se compren menos bens de EEUU por que, comparativamente resultan máis caros. A María resúltalle máis barato comprar as camisetas en Alemaña que en EEUU.*

## TEMA 10: MERCADO DE DIVISAS E BALANZA DE PAGAMENTOS

Cando unha moeda se deprecia, poñamos por exemplo o euro, os bens e servizos producidos nos países que utilizamos esta moeda son máis competitivos comparándoos cos bens dos países en que a súa moeda se apreciou, exemplo o \$. Aumentarán as exportacións da zona euro.

*Posteriormente, ata o 11-4-2008, o tipo de troco do euro foi subindo, é dicir, se foi apreciando o euro respecto ao dólar.*

*Se o 25-10-2000, a María compensáballe comprar as camisetas en Alemaña, por que lle custaban 100 € fronte aos 120,86 en EEUU; o 11-4-2008, como o tipo de cambio está en  $1\text{€}=1,58\text{\$}$ , en Alemaña séguelle custando 100€, mentres que en EEUU cústalle 63,29€. María comprará as camisetas en EEUU*

*A que se debe isto?*

*A que houbo unha apreciación do € respecto do \$, o tipo de cambio variou e para comprar os mesmos dólares necesitanse menos euros. Antes un euro valía 0,8274 dólares e agora vale mais dólares.*

*Que consecuencias ten?*

*Ao haberse apreciado o euro, agora os bens europeos, comparados cos americanos, son máis caros. Na UE, os traballadores seguen cobrando o mesmo, as rendas son iguais, as materias primas tamén. O único que cambiou é o tipo de cambio, que provoca que desde Europa se compren mais bens de EEUU por que, comparativamente resultan máis baratos. A María resúltalle máis barato comprar as camisetas en en EEUU que en Alemaña.*

<i>Data</i>	<i>Tipo cambio</i>	<i>Custo Alemaña (€)</i>	<i>Custo EEUU (€)</i>
<i>1-1-1999</i>	<i><math>1\text{€}=1,1667\text{\\$}</math></i>	<i>100</i>	<i>85,71</i>
<i>25-10-2000</i>	<i><math>1\text{€}=0,8274\text{\\$}</math></i>	<i>100</i>	<i>120,86</i>
<i>11-4-2008</i>	<i><math>1\text{€}=1,58\text{\\$}</math></i>	<i>100</i>	<i>63,29</i>

Cando unha moeda se aprecia, poñamos por exemplo o euro, os bens e servizos producidos nos países que utilizamos esta moeda son menos competitivos comparándoos cos bens dos países en que a súa moeda se depreciou, exemplo o \$. Diminuirán as exportacións da zona euro.

### EXERCICIOS:

1. Hoxe en día nun mundo globalizado, coas novas tecnoloxías, poderíamos comprar un mesmo produto en diferentes países. Supoñamos que podemos comprar unha camiseta que costa en España 100 €; en EEUU 87 \$; en Inglaterra 61,16 libras; en Xapón 11.623 yenes; en Dinamarca 742,99 coroas; en China 891,68 yuanes e no Brasil 210,97 reais. Dadas as seguintes paridades bilaterais do euro con outras divisas (un euro equivale a):

## TEMA 10: MERCADO DE DIVISAS E BALANZA DE PAGAMENTOS

Divisas	Febreiro 2002	Febreiro 2008	€ en 2002	€ en 2008
\$ USA	0,87	1,4748		
£ Esterlina	0,6116	0,75094		
Yen	116,23	157,97		
Coroa Danesa	7,4299	7,454		
Yuan	8,9168	10,5682		
Real Brasil	2,1097	2,5516		

FONTE: <http://www.ecb.int/stats/exchange/eurofxref/html/index.en.html>

- a) Cantos euros necesitaríamos en febreiro de 2002 para comprar a camiseta en cada un dos países mencionados? ¿Onde compraríala?
- b) Supoñendo que os prezos se manteñen estables (ausencia de inflación), Cantos euros necesitaríamos en febreiro de 2008 para comprar a camiseta en cada un dos países mencionados? ¿Onde compraríala?
- c) Que consecuencias terá sobre as exportacións e as importacións españolas de camisetas?
- d) Que consecuencias terá previsiblemente na Balanza de Pagamentos? ¿En que subbalanza?

2. España é unha das primeiras potencias mundiais en turismo. Se consideramos que unha viaxe dunha semana nas Illas Canarias ten un custo de 1000 euros e en ausencia de inflación.

- a) Canto lle custaría a un cidadán de USA, Inglaterra, Xapón, Dinamarca, China e Brasil unha viaxe ás Illas Canarias en febreiro de 2002? ¿E en febreiro de 2008?
- b) Que efectos terá sobre o turismo español?
- c) Que consecuencias terá previsiblemente na Balanza de Pagamentos? ¿En que subbalanza?

3. O prezo do petróleo a principios de 2002 rondaba os 22\$/barril de Brent, mentres que a principios de 2008 rondaba os 100 \$/barril de Brent. Doutra banda, o prezo do gasóleo a principios de 2002 era duns 0,70€, mentres que a principios do 2008 era de 1,10€-

- a) Se a paridade €/€ se mantivese constante, Cal debería ser o prezo do litro de gasóleo a principios de 2008, dado o prezo de barril Brent?
- b) Por que a suba foi moito menor? A canto está actualmente o barril de Brent? ¿E o litro de gasóleo?
- c) Que consecuencias cres que pode ter a evolución do prezo do petróleo na nosa balanza de pagamentos?

### 3 - O SISTEMA MONETARIO EUROPEO (SME).

Un dos obxectivos iniciais na creación da Comunidade Económica Europea foi a creación dun sistema monetario único. O problema consistía en que para a creación dun verdadeiro mercado común era necesario unificar o valor de todas as moedas que utilizaban os diferentes estados membros.

En 1979 establécese o Sistema Monetario Europeu, cunha moeda de referencia, o ecu, coa que se valoraban as relacións económicas entre os estados e institucións comunitarias. O ecu estaba formado por unha cesta de moedas dos estados membros, e cada moeda de cada país membro tiña unha ponderación concreta no cálculo do valor do ecu, en función da importancia da súa economía respecto ao total da entón Comunidade Económica Europea.

Pero para poder establecer unha moeda única, é necesario que os diferentes estados membros cumpran unha serie de criterios de converxencia (é dicir, debían conseguir unha serie de obxectivos mínimos de estabilidade da súa economía). Se intentasen implantar unha moeda única en economías con características moi diferentes, a moeda podería sufrir moitas oscilacións.

Estes criterios de converxencia establecéronse no Tratado de Maastricht.

Saber máis: [Tratado de Maastricht](#)

No 1995, no Consello Europeo de Madrid decídese que a futura moeda única chamarase EURO.

O 1 xaneiro de 1999 fíxanse os tipos de cambio fixos e irrevogables das moedas que acadaron os criterios de converxencia, todos os estados membros a excepción de Grecia, que se incorporaría posteriormente ao SME.

Saber máis: [Tipos de cambio a 1 de Xaneiro de 1999](#)

Entón eran 15 os países membros da UE, polo tanto, os países que renunciaron a entrar neste SME foron Dinamarca, Reino Unido e Suecia. Como dicíamos, Grecia non se incorporou ao SME ata o 2001, cando cumpriu os criterios de converxencia esixidos.

É neste momento cando se crea o Banco Central Europeo (BCE), e empeza a realizar operacións en euros no mercado de divisas, aínda que non ten un soporte físico. É dicir, as anotacións en conta das transaccións internacionais realizábanse en euros.

Desde o 1 de xaneiro ao 28 de febreiro de 2002 prodúcese a dobre circulación de moedas en cada país membro (en España podía comprarse/venderse con euros ou pesetas) e, a partir do 1 de marzo do 2002 soamente podía utilizarse o euro.

Non quere dicir que se alguén teña pesetas ou outra moeda das antigas dos estados membros non lle sirva para nada, senón que poderían aínda cambiálas nas oficinas dos Bancos Centrais de cada un dos países membros (as pesetas no Banco de España).

### **3.1 - Vantaxes do euro**

#### **1. Facilita a libre circulación de bens e servizos, persoas e capitais.**

Ao reducir os custos de transacción, é dicir, o custo de cambiar as moedas, resulta máis económico o intercambio dentro da UE. Estes custos que se reducen estimáronse nun 0,5% do PIB comunitario.

Ao ter uns tipos de cambio fixos, elimínase o risco comercial que supoñía comprar a outros países membros.

**2. Aumento das transaccións do euro no mundo** ao establecerse esta como unha moeda de referencia mundial como o dólar, o que supoñería un fortalecemento da moeda.

3. Ao haber maior seguridade, provoca unha maior estabilidade na economía comunitaria (aspecto fundamental para o bo funcionamento da economía), e unha **previsible baixada dos tipos de interese e fomento dos investimentos intracomunitarias.**

### **3.2 - Inconvenientes do euro**

#### **1. Perda da soberanía dos estados membros na aplicación da política monetaria.**

Ata entón, era o Banco de España o que instrumentaba a política monetaria en España que, se ben era independente do goberno, tomaba as medidas necesarias para unha estabilidade da economía española e corraxir os posibles desequilibrios.

Actualmente estas políticas tómanse desde o BCE e, ao ser diferentes os sistemas económicos dos estados membros, pode que beneficien a uns e prexudiquen a outros.

Este é o principal motivo polo que os países que terían dereito a entrar no SME non fixérono.

#### **2. Suba xeneralizada dos prezos como consecuencia da conversión da moeda.**

Nun principio, os responsables do área económica da UE (entre eles Pedro Solbes) e Ministros de Economía dos estados membros, dicían que a introdución do euro non provocaría ningún efecto inflacionista, pero non foi así.

Nos países onde máis afectou a moeda única, respecto á suba de prezos, foi naqueles en que os prezos estaban máis baixos comparativamente.

España foi sempre un país exportador de produtos alimenticios (chámanlle a horta de

## TEMA 10: MERCADO DE DIVISAS E BALANZA DE PAGAMENTOS

Europa). Todos estes produtos, ao ver o prezo ao que se podían vender no resto da UE e, ao facilitarse o intercambio, poden vender os seus produtos máis caros, co que o prezo en España sube.

Se foi producindo, polo tanto, unha armonización nos prezos dos diferentes países que compoñen o SME, coa desvantaxe de non producirse a mesma armonización nos ingresos dos cidadáns, aínda que en España medre nos últimos anos.

GLOSARIO UNIDADE 10: (Na Web)	
Balanza de Pagamentos Balanza Comercial Balanza de Servizos Balanza de Rendas Balanza de Transferencias Balanza Corrente	Balanza de Capital Balanza Financeira Divisa Tipo de Cambio Sistema Monetario Europeu (SME)